

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026753	IES A Pontepedriña	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Educación física	1º Bac.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	28
6. Medidas de atención á diversidade	29
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	33

1. Introducción

A presente programación didáctica está dirixida a catro grupos de 1º de Bacharelato de entre 30 e 33 alumnos/as, sumando un total de 125 alumnos e alumnas.

A lingua que empregaremos na área de Educación Física segundo se recolle no Proxecto Lingüístico de Centro e seguindo o establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo será o Galego.

Este documento artéllase baixo tres eixes fundamentais, por unha banda temos a referencia do Decreto de currículo, por outro lado están as posibilidades que o noso contexto nos ofrece e, por suposto, as características do alumnado ao que se dirixe.

No referente ao desenvolvemento curricular, neste terceiro nivel de concreción que supón a programación didáctica afondaremos nas dúas liñas de evolución que se establecen a nivel normativo. Darémolle continuidade ao traballado durante a educación secundaria obrigatoria, abordando todos e cada un dos contidos establecidos e facendo especial fincapé en que o alumnado poida finalizar o curso dotado de ferramentas suficientes para levar a cabo unha autoxestión consciente do seu estilo de vida. Que a actividade física teña unha presenza significativa e ben orientada de cara a que tanto no presente coma no futuro os rapaces e rapazas destes grupos acaden un estilo de vida activo que contribúa a un estado de benestar físico, social e emocional. O feito de dispor de tres sesións semanais permitiranos un traballo máis detallado e mellor sustentado a nivel teórico nas evidencias científicas que a día de hoxe respaldan sen ningnha dúbida as bondades dun estilo de vida activo. Esta liña de traballo ocupa o eixo central de todas as nosas propostas.

Pero para lograr que os nosos alumnos e alumnas se conviryan en axentes activos do seu propio autocoidado sabemos que é fundamental crear adhesión á actividade, é por iso que as distintas propostas didácticas deste curso están dirixidas a que os alumnos e alumnas teñan experiencias motrices de moi diversa natureza e especialmente vencelladas ao que a nosa contorna nos ofrece. Cando falamos de contorna non só nos referimos ás posibilidades de realización de actividade física que o medio (natural e urbano) nos permite senón tamén a dar a coñecer e facer de cordón de conexión con aquelas actividades que se ofertan tanto dende clubs ou asociacións coma aquelas que teñan que ver co ocio activo xestionadas por entes privados.

A segunda liña de evolución que se establece a nivel curricular, aquela ligada ao carácter propedéutico da área, tamén ocupa un espazo relevante na nosa proposta. Nalgunhas unidades didácticas esta liña ocupará un lugar central e noutras terá un tratamento transversal segundo a temática. O nosa principal pretensión a nivel pedagóxico e provocar interese, interese pola práctica e tamén pola posibilidade de ampliar coñecementos tanto de xeito informal coma en posibles vías académicas e profesionais que os alumnos/as poidan considerar nun momento vital no que lles compete tomar decisións.

En definitiva, artellaremos unha proposta organizada en 10 Unidades Didácticas, unha delas será de carácter transversal (Deporte e sociedade) e outras 9 nas que tendo protagonismo específico o traballo duns contidos concretos estarán conectadas con esa unidade transversal que funcionará como fío conector. As temáticas de carácter transversal serán tamén un peso importante no desenvolvemento das distintas unidades ao igual que o tratamento transversal co deseño de tarefas conectadas interdisciplinarmente.

Como se pode inferir, o propósito desta programación é ambicioso e consideramos que debe ser así pola gran potencialidade que pensamos que a nosa área ten á hora de xerar apetencia pola participación por parte do alumnado. Un número maioritario do alumnado acode ás sesións de Educación Física con moitas gañas de facer e a min como docente non se me ocorre un xeito mellor de aprender que o de aprender facendo.

Xa para pechar esta pequena introdución, non quero deixar de mencionar a importancia que para o logro integral de tódolos obxectivos serán as actividades complementarias propostas (xornadas sobre nutrición, escalada en rocódromo, conversas con deportistas, celebracións...).

En definitiva unha proposta axustada a un alumnado e un contexto que, por ser o quinto ano no que como docente teño continuidade, coñezo bastante ben. Sen perder de vista a necesidade de avaliar continuamente cada proposta e á evolución do propio contexto (disto fixemos un mestrado nos últimos catro cursos) para poder facer os axustes precisos que nos acheguen a un proceso de ensino-aprendizaxe o máis frutífero posible.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interiorizar o desenvolvemento dun estilo de vida activo e saudable, planificando responsable e conscientemente a súa actividade física a partir da autoavaliación persoal con base en parámetros científicos e avaliábeis, e axustando as prácticas motrices ás súas necesidades e motivacións persoais para satisfacer as súas demandas de lecer activo e de benestar persoal, así como coñecer posibles saídas profesionais asociadas á actividade física.			2-5	1-4	11-12-50		3	
OBX2 - Adaptar autonomamente as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices específicas das modalidades practicadas, a diferentes situacións con distintos niveis de dificultade, aplicando eficientemente procesos de percepción, decisión e execución adecuados á súa lóxica interna para resolver situacións motrices vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas, e consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.					12-40		2-3	
OBX3 - Difundir e promover novas prácticas motrices, compartindo espazos de actividade físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto cara aos participantes e ás regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica e proactiva ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír autonomamente ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa, fomentando a detección precoz e o coñecemento das estratexias para abordar calquera forma de discriminación ou violencia.	5	3			11-20-50	3		
OBX4 - Analizar criticamente, e investigar, sobre as prácticas e manifestacións culturais vinculadas coa motricidade segundo a súa orixe e evolución, desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económicos, políticos e sociais que condicionasen o seu desenvolvemento, practicándoas e fomentando a súa conservación para ser capaz de defender, desde unha postura ética e contextualizada, os valores que transmiten.		3	5		12	1		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Implementar un estilo de vida sustentable e comprometido coa conservación e mellora da contorna, organizando e desenvolvendo accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, asumindo responsabilidades na seguridade das prácticas, para contribuír activamente ao mantemento e coidado do medio natural e urbano e dar a coñecer o seu potencial entre os membros da comunidade.			5		12-20	4	1	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Deporte e sociedade	Nesta Unidade didáctica que terá un carácter transversal abordaremos dende diferentes puntos de vista o impacto que a actividade física e o deporte ten a nivel social a día de hoxe. Presenza nos medios, oferta de ocio activo, saídas profesionais vencelladas a este ámbito...	10	10	X	X	X
2	Condición Física e saúde	Achegarémonos nesta UD ás evidencias científicas que sustentan a necesidade de manter un estilo de vida activo para lograr un estado pleno de benestar e saúde. Traballaremos sobre aquelas capacidades física máis estreitamente ligadas á consecución de obxectivos saudables e deseñaremos un plan de adestramento individualizado segundo os intereses e obxectivos de cada alumno e alumna.	12	14	X		
3	O Break Dance como modalidade deportiva.	Aproveitando o auxe desta actividade ou disciplina artístico-expresiva nacida na rúa e que será por primeira vez olímpica nos próximos Xogos de París, traballaremos contidos vinculados á expresión corporal e ao movemento axustado a unha base rítmica-musical.	12	12	X		
4	Profundizando no coñecemento do Bádminton.	O Bádminton é un deporte co que os alumnos e alumnas que cursaron a educación secundaria obrigatoria neste centro xa tiveron contacto en 1º e 3º. Desta volta e aproveitando eses coñecementos e experiencia previa afondaremos tanto en aspectos regulamentarios (máis ao detalle)	12	12	X	X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Profundizando no coñecemento do Bádminton.	coma en estratexias técnico-tácticas que permitan melloras no xogo e un maior goce do mesmo tanto como practicantes coma de espectadores.	12	12	X	X	
5	Adestramento invisible: Prevención de lesións e primeiros auxilios.	Nesta UD abordaremos as principais pautas a seguir de cara á realización de actividade física segura (minimizando os riscos de lesión), os principais protocolos no tratamento de lesións e accidentes máis habituais e afondaremos nas condutas de actuación ante situacións críticas (protocolo RCP, emprego de DESA...).	6	8		X	
6	O Floorball como deporte de colaboración-oposición.	A través dun deporte alternativo como é o Floorball traballaremos os principais aspectos individuais e colectivos que aparecen en cada actividade deportiva de colaboración-oposición. Buscaremos que os alumnos e alumnas ao longo a UD perfeccionen as habilidades específicas deste deporte pero sobre todo que perciban a importancia da toma de decisións neste perfil de actividades, valorando a relevancia das capacidades perceptivo-motrices e mellorando a súa creatividade motriz.	12	12		X	
7	Achegándonos ao Esgrima	A través desta UD que a nivel temporal só nos ocupara dúas semanas achegarémonos a este deporte de oposición e ás súas principais características e demandas a nivel perceptivo-motriz. Esta UD está pensada para tender pontes cun club da cidade (Compostela Esgrima) que ven realizando unha boa actividade de formación nos últimos anos pero que como a tódalas modalidades non maioritarias lles custa captar novos deportistas. Contaremos coa participación de monitores do club nunha das sesións da UD e cederannos material para as prácticas.	6	10		X	
8	Comer mellor para vivir mellor	Achegámonos nesta unidade oas fundamentos básicos da alimentación e a nutrición.	8	6			X
9	Xogos de onte, xogos de aquí e xogos de acolá.	Coñecemos e practicamos xogos tradicionais de Galicia, indagamos sobre os máis populares na nosa zona no pasado e achegámonos a outras culturas para coñecer as súas prácticas lúdicas.	10	9			X
10	Actividade física no medio natural: Orientación e escalada.	Hoxe máis que nunca sobran evidencias que demostren a importancia de establecer unha relación saudable co medio. O humilde obxectivo desta UD é o de propor algunhas opcións dentro da nosa contorna de actividades físicas e deportivas e	12	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Actividade física no medio natural: Orientación e escalada.	fomentar unha relación consciente co medio.	12	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Deporte e sociedade	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer e implementar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da actividade física, así como para a aplicación de primeiros auxilios ante situacións de emerxencia ou accidente, poñendo en práctica normas de seguridade individuais e colectivas, identificando as posibles transferencias que estes coñecementos teñen ao ámbito profesional e ocupacional.	Identificas os principais riscos de cada actividade física. Coñece de xeito teórico e na súa posta en práctica (simulacros) os principais protocolos de actuación ante emerxencias sanitarias.	PE	16
CA1.2 - Incorporar de forma autónoma, e segundo as súas preferencias persoais, os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural e relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, reflexionando sobre a súa relación con posibles estudos posteriores ou futuros desempeños profesionais.	Realiza quecementos de xeito autónomo e axustados á natureza da actividade posterior. Controla as cargas de traballo demostrando autocoñecemento da súa condición física e motriz. Identifica hábitos posturais non saudables. Coñece e identifica os as características mínimas dunha dieta saudable.		
CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Panifica e organiza actividades deportivos e recreativas dirixidas a un grupo de poboación específico. Practica diversas e variadas actividades deportivas identificando as posibilidades a nivel de ferramenta de interrelación social destas.	TI	84
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Participa en cada actividade proposta asumindo o rol que lle corresponde en cada momento. Mostra unha actitude crítica ante estereotipos e conductas violentas ou pouco deportivas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Comprende a relevancia social que o deporte e a actividade física posee. Analiza a orixe de distintos tipos de actividade e o contexto social e cultural no que se dan.		
CA5.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Coñece o potencial como posible saída profesional que poden ter as actividades propostas.		
CA5.2 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Comprende a influencia cultural e social que existe en determinadas actividades físico-deportivas.		
CA6.1 - Promover e participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais terrestres ou acuáticas, interactuando con elas de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir reducindo ao máximo a súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións dirixidas á conservación e mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	Participa en actividades físico-deportivas dun xeito consciente e asumindo a responsabilidade de minimizar o impacto ambiental.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física. - Profesións vinculadas á actividade física e á saúde. - Saúde social. - Beneficios e regras da práctica de actividade física para a saúde individual ou colectiva. - Hábitos sociais e os seus efectos na condición física e a saúde. - Vantaxes e inconvenientes do deporte profesional. - Saúde mental. - Análise crítica de estratexias publicitarias. - Xestión do éxito e da fama en contextos físico-deportivos: exemplos, dificultades e estratexias. - Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Medidas para fomentar a igualdade no deporte. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Deporte e perspectiva de xénero: estereotipos de xénero en contextos físico-deportivos, presenza en medios de comunicación e redes sociais. - Historias de vida significativas de deportistas profesionais de ambos os xéneros, exemplos de boas prácticas profesionais no deporte. - Deporte: análise crítica da súa influencia na sociedade. - Mercado, consumismo e deporte. - Saídas profesionais no ámbito deportivo. - Fomento da mobilidade activa, segura, saudable e sostible en actividades cotiás. A aprendizaxe da práctica ciclista urbana segura. - Uso sustentable e conservación de recursos urbanos e naturais para a práctica de actividade física.

UD	Título da UD	Duración
2	Condición Física e saúde	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Planificar, elaborar e poñer en práctica de maneira autónoma un programa persoal de actividade física dirixido á mellora ou ao mantemento da saúde, aplicando os diferentes sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas implicadas, segundo as necesidades e intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal, avaliando os resultados obtidos.	Deseño dun plan de adestramento dirixido a un grupo de poboación concreto e orientado á mellora das capacidades físicas máis estreitamente vencelladas coa saúde. No plan deseñado debe de manifestarse algún dos principios fundamentais de adestramento e tamén o modo de control de carga.	PE	40
CA1.3 - Actuar de forma crítica, comprometida e responsable ante os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal e os comportamentos que poñan en risco a saúde, aplicando con autonomía e independencia criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade á información recibida.	Coñece os principais indicadores saúde e identifica as actividades vencelladas coa actividade física que contribúen á mellora dos mesmos, mostrando un punto de vista crítico ante imaxes estereotipadas da corporalidade e tamén de métodos non sustentados cientificamente.	TI	60
CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Pon en práctica unha das sesións do plan de adestramento deseñado, dirixíndoa ao resto de grupo clase e asumindo todos os aspectos da súa organización. Do mesmo xeito, participa de forma activa tanto nas sesións tipo dirixidas polo profesor coma nas dirixidas polos compañeiros/as.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Mostra un comportamento correcto no que se refire ás relacións establecidas durante as prácticas co resto de compañeiras e compañeiros, respetando a diversidade de competencia motriz e fuxindo de comportamento estereotipados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física. - Programa persoal de actividade física atendendo á frecuencia, volume, intensidade e tipo de actividade. - Autoavaliación das capacidades físicas e coordinativas como requisito previo á planificación: técnicas, estratexias e probas de valoración. - Identificación de obxectivos motrices, saudables, de actividade ou similares a alcanzar cun programa de actividade física persoal. - Avaliación do logro dos obxectivos do programa e reorientación de actividades a partir dos resultados. - Planificación para o desenvolvemento das capacidades físicas básicas: forza e resistencia. - Sistemas de adestramento. - Beneficios e regras da práctica de actividade física para a saúde individual ou colectiva. - Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.

UD	Título da UD	Duración
3	O Break Dance como modalidade deportiva.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Coñece as orixes do Breaking e a súa evolución dende a rúa ata converterse en deporte olímpico.	PE	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	Deseña e pon en práctica unha coreografía de Breaking na que se poden identificar, cando menos, cinco dos movementos básicos da especialidade.		
CA2.3 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Participa de xeito activo e mostrando iniciativa nas sesións prácticas que se adicarán á preparación da coreografía de Breaking deseñada.		
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	Mostra autonomía na xestión do traballo de deseño e desenvolvemento da coreografía.		
CA3.4 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Colabora cos demais compoñentes do grupo no desenvolvemento da coreografía deseñada.		
CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Valora o potencial das actividades físico-expresivas como saída profesional.	TI	90
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Mostra capacidade de traballo en equipo durante o deseño e a práctica da coreografía de Breaking		
CA4.3 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Identifica as influencias sociais e culturais que xeraron o nacemento do Breaking.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Valora o Breaking e/ou outras modalidades de baile deportivo como alternativa de ocio activo.		
CA5.3 - Crear e representar composicións corporais individuais ou colectivas, con e sen base musical, aplicando con precisión, idoneidade e coordinación escénica as técnicas expresivas máis apropiadas a cada composición para representalas ante as súas compañeiras e compañeiros ou outros membros da comunidade.	Representa de xeito coordinado a coreografía de Breaking deseñada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Autoxestión de proxectos persoais de carácter motor. - Toma de decisións. - Análise colectiva de resultados e reaxuste de actuacións para conseguir o éxito en actividades cooperativas. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica. - Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas. - Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema coa resolución máis eficiente de acordo cos recursos dispoñibles. - Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas. - Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Técnicas específicas de expresión corporal. - Práctica de actividades rítmico-musicais con intencionalidade estética ou artístico-expresiva.

UD	Título da UD	Duración
4	Profundizando no coñecemento do Bádminton.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Identificar, analizar e comprender os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas, identificando erros comúns e propoñendo solucións para estes.	Coñece o regulamento do Bádminton tanto na modalidade de individuais coma na de dobres.	PE	25
CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	Elixe o tipo de golpeo, os movementos e a súa situación na pista axeitándose ao contexto do xogo.	TI	75
CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Realiza as prácticas mostrando interese e esforzo por lograr o seu mellor nivel.		
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Mostra capacidade de traballo en equipo, asumindo o nivel de desempeño heteroxéneo que se dará no grupo-clase.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións. - Resolución de situacións motrices variadas axustando eficientemente os compoñentes da motricidade en actividades individuais. - Accións que provocan situacións de vantaxe con respecto ao adversario nas actividades de oposición. - Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas. - Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema coa resolución máis eficiente de acordo cos recursos dispoñibles. - Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas. - Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitrase, persoal técnico, participante, público e outros. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.

UD	Título da UD	Duración
5	Adestramento invisible: Prevención de lesións e primeiros auxilios.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer e implementar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da actividade física, así como para a aplicación de primeiros auxilios ante situacións de emerxencia ou accidente, poñendo en práctica normas de seguridade individuais e colectivas, identificando as posibles transferencias que estes coñecementos teñen ao ámbito profesional e ocupacional.	Coñece as principais pautas de actuación e protocolos ante lesións deportivas e situacións de emerxencia sanitaria (RCP, uso de DESA...).	PE	30
CA1.4 - Empregar de maneira autónoma aplicacións e dispositivos dixitais relacionados coa xestión da actividade física, respectando a privacidade e as medidas básicas de seguridade vinculadas á difusión pública de datos persoais.	Manexa a aplicación Strava para a xestión da actividade física e coñece outras opcións.	TI	70
CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Valorar o potencial da realización de certas actividades físicas como mellor xeito de prever algúns problemas específicos de saúde. Coñecendo tamén o potencial que este eido ten como vía laboral.		
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Colabora coas compañeiras e compañeiros nas prácticas e simulacros atendendo sempre á seguridade dos mesmos e tamén á propia.		
CA6.2 - Practicar e organizar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas para prever e controlar os riscos intrínsecos á propia actividade derivados da utilización dos equipamentos, a contorna ou a propia actuación dos participantes.	Identifica os riscos propios de cada actividade e asume a responsabilidade de aplicar as normas de seguridade oportunas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Saúde física.
- Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.

Contidos

- Técnicas básicas de descarga postural e relaxación.
- Exercicios compensatorios da musculatura segundo a actividade física.
- Musculatura lumbo-pélvica para adestramento da forza.
- Identificación de problemas posturais básicos e planificación preventiva da saúde postural en actividades específicas.
- Saúde mental.
- Técnicas de respiración, visualización e relaxación para liberar tensión e os seus beneficios na atención e concentración.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices.
- Protocolos ante alertas escolares.
- Actuacións críticas ante accidentes.
- Conduta PAS: protexer, avisar, socorrer.
- Desprazamentos e transporte de accidentados.
- Reanimación mediante desfibrilador automático (DEA) ou semiautomático (DESA).
- Protocolo RCP (reanimación cardiopulmonar).
- Técnicas específicas e indicios de accidentes cardiovasculares (manobra de Heimlich, sinais de ictus e similares).
- Contido básico de caixa de primeiros auxilios.
- Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Prevención de riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo.

UD	Título da UD	Duración
6	O Floorball como deporte de colaboración-oposición.	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Coñece tanto o regulamente como as características tecnico-tácticas propias de Floorball para poder gozar tanto da práctica coma de espectador. Ou mesmo desempeñar outros roles como pode ser o de arbitrar.	PE	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	Toma decisións beneficiosas para os seus intereses no xogo atendendo ás características situacionais propias do Floorball.		
CA3.3 - Identificar, analizar e comprender os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas, identificando erros comúns e propoñendo solucións para estes.	Realiza xestos técnicos específicos do Floorball mellorando a súa eficacia a medida que avanzamos na práctica.	TI	75
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Mostra capacidade para traballar en equipo asumindo as diferencias de nivel na práctica e mostrándose crítico ou crítica ante a aparición de calquera comportamento estereotipado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións. - Análise colectiva de resultados e reaxuste de actuacións para conseguir o éxito en actividades cooperativas. - Accións que provocan situacións de vantaxe con respecto ao adversario nas actividades de oposición. - Desempeño de roles variados en procedementos ou sistemas tácticos postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo. - Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas. - Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema coa resolución máis eficiente de acordo cos recursos dispoñibles. - Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas. - Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.

UD	Título da UD	Duración
7	Achegádonos ao Esgrima	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Coñece ao detalle (regulamento, estratexias...) un deporte que non é maioritario como é o caso da Esgrima	PE	25
CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	Resolve situacións motrices de oposición adaptando a súa toma de decisións e as súas execucións técnicas.	TI	75
CA3.3 - Identificar, analizar e comprender os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas, identificando erros comúns e propoñendo solucións para estes.	Pon en práctica os movementos básicos a nivel técnico da Esgrima.		
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Mostra capacidade para traballar en contextos de oposición respetando ao compañeiro/opoñente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións. - Resolución de situacións motrices variadas axustando eficientemente os compoñentes da motricidade en actividades individuais. - Accións que provocan situacións de vantaxe con respecto ao adversario nas actividades de oposición. - Oportunidade, pertinencia e risco das accións nas actividades físico-deportivas de contacto a partir da análise dos puntos fortes e débiles propios e do rival. - Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas. - Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema coa resolución máis eficiente de acordo cos recursos dispoñibles. - Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas. - Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.

UD	Título da UD	Duración
8	Comer mellor para vivir mellor	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer e implementar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da actividade física, así como para a aplicación de primeiros auxilios ante situacións de emerxencia ou accidente, poñendo en práctica normas de seguridade individuais e colectivas, identificando as posibles transferencias que estes coñecementos teñen ao ámbito profesional e ocupacional.	Relaciona os hábitos alimenticios coa actividade física e o rendemento na mesma. Coñece as principais vías metabólicas de obtención de enerxía.	PE	40
CA1.2 - Incorporar de forma autónoma, e segundo as súas preferencias persoais, os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural e relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, reflexionando sobre a súa relación con posibles estudos posteriores ou futuros desempeños profesionais.	Diferencia as características que debe ter unha dieta saudable segundo as evidencias científicas actuais	TI	60
CA1.3 - Actuar de forma crítica, comprometida e responsable ante os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal e os comportamentos que poñan en risco a saúde, aplicando con autonomía e independencia criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade á información recibida.	Mostra capacidade crítica ante as mensaxes recibidas tanto polos medios de comunicación como polas redes sociais sobre recomendacións nutricionais.		
CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Valora os ámbitos da actividade física e da nutrición como posibles opcións laborais atendendo ás demandas e necesidades sociais existentes.		
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Reflexiona de xeito crítico ante os estereotipos corporais instaurados na publicidade e nas redes sociais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Saúde física.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dietas equilibradas segundo as características físicas e persoais. - Saúde mental. - Trastornos vinculados coa imaxe corporal. - Tipoloxías corporais predominantes na sociedade e análise crítica da súa presenza en publicidade, e medios de comunicación e redes sociais. - Análise crítica de estratexias publicitarias. - Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.

UD	Título da UD	Duración
9	Xogos de onte, xogos de aquí e xogos de acolá.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Organiza e promociona unha xornada de xogos alternativos dirixida ao alumnado do IES.	PE	25
CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	Manifesta autonomía á hora de resolver distintas situacións motrices específicas de cada modalidade de xogo ou deporte tradicional ou alternativo probado durante as prácticas.	TI	75
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Colabora de xeito activo na organización da xornada de xogos e deportes alternativos dirixida ao alumnado do IES.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Comprende as influencias sociais e culturais que hai detrás das manifestacións motrices (deportes, danza...) con maior difusión na actualidade.		
CA5.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Practica diferentes xogos e deportes alternativos e tradicionais valora o seu posible potencial como recursos para gozar dun lecer saudable.		
CA5.2 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Identifica o contexto cultural e social no que nacen os diferentes xogos e deportes tradicionais e alternativos revisados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas. - Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas. - Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitrase, persoal técnico, participante, público e outros. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Os xogos e deportes tradicionais e autóctonos e o seu vínculo cultural: orixe, evolución, preservación e factores condicionantes.

UD	Título da UD	Duración
10	Actividade física no medio natural: Orientación e escalada.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Practica diversas actividades no medio natural (orientación e escalada) valorando o seu potencial para facelo tamén no seu tempo de lecer.	PE	25
CA2.1 - Coñecer e implementar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da actividade física, así como para a aplicación de primeiros auxilios ante situacións de emerxencia ou accidente, poñendo en práctica normas de seguridade individuais e colectivas, identificando as posibles transferencias que estes coñecementos teñen ao ámbito profesional e ocupacional.	Coñece e implementa as medidas específicas para a prevención de situacións de risco como poden ser lesións ou accidentes cando se programa e realiza unha actividade no medio natural.		
CA3.3 - Identificar, analizar e comprender os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas, identificando erros comúns e propoñendo solucións para estes.	Identifica e comprende os factores clave que condicionan tanto a participación en carreiras de orientación como na práctica da escalada.		
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Colabora de xeito activo na organización e realización de actividades físicas no medio natural establecendo relacións positivas co resto de compañeiros e compañeiras.	TI	75
CA6.1 - Promover e participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais terrestres ou acuáticas, interactuando con elas de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir reducindo ao máximo a súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións dirixidas á conservación e mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	Participa nas prácticas de orientación e de escalada dun xeito consciente e entendendo a necesidade de minimizar o impacto ambiental.		
CA6.2 - Practicar e organizar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas para previr e controlar os riscos intrínsecos á propia actividade derivados da utilización dos equipamentos, a contorna ou a propia actuación dos participantes.	Xestiona a súa participación nas actividades programadas asumindo responsabilidades e aplicando as normas de seguridade pertinentes en cada caso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xestión das medidas relacionadas coa planificación da actividade física e deportiva (tipo de deporte, material necesario, obxectivos da preparación, actividades e similares).

Contidos

- Selección responsable e sustentable do material deportivo.
- Autoxestión de proxectos persoais de carácter motor.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices.
- Xestión do risco propio e do dos demais: planificación de factores de risco en actividades físicas, medidas colectivas de seguridade.
- Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas.
- Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.
- Medidas para fomentar a igualdade no deporte.
- Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Análise das posibilidades da contorna natural e urbana e actuacións para a súa mellora desde o punto de vista da motricidade, para a práctica de actividade física e deporte: equipamentos, accesibilidade, usos e necesidades.
- Prevención de riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo.
- Materiais e equipamentos: manexo segundo as súas especificacións técnicas.
- Uso sustentable e conservación de recursos urbanos e naturais para a práctica de actividade física.
- Promoción e usos creativos da contorna desde a motricidade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A Educación Física neste primeiro curso do Bachareato segue tendo un carácter motriz, práctico e vivencial que busca, entre outros obxectivos, incrementar os niveis de actividade física do alumnado.

Os diferentes modelos pedagóxicos constitúen unha ferramenta para materializar un desenvolvemento competencial, polo carácter participativo, creativo e de aprendizaxe que xeran no alumnado.

As situacións de aprendizaxe propostas ao longo da Programación Didáctica buscarán integrar os procesos orientados á adquisición da competencia motriz e as competencias clave, enfocándose desde diferentes perspectivas e articulando elementos plurais como: metodoloxías de carácter participativo, o tipo e a intención das actividades expostas, a organización dos grupos, a consolidación dunha autoestima positiva, autonomía, reflexión e responsabilidade ou a creación dunha conciencia de grupo-clase.

A metodoloxía descrita caracterizarase por ser, flexible, activa, integradora, participativa, lúdica e creativa.

Detallamos neste punto a proposta metodolóxica a través dalgúns dos seus elementos estruturais como son os estilos de ensino, a organización espazo-temporal, o coñecemento dos resultados/execución, as actividades, a estratexia na práctica e as rutinas.

1. ESTILOS DE ENSINO

Os estilos de ensino móstrannos como se desenvolve a interacción profesor-alumnado no proceso de toma de decisións, e definen o papel de cada un nese proceso.

Partindo da idea de que non existe un estilo de ensino ideal, buscamos en cada UD escolle un estilo de ensino que

segundo as características das actividades que a integran permita una interacción o máis positiva posible entre o alumnado, os contidos traballados e o docente.

Así, aínda que haberá una prevalencia de estilos de carácter colaborativo e de resolución de problemas onde o alumnado asumirá un rol moi activo na construción das aprendizaxes, tamén botaremos man de estilos máis directos naqueles momentos nos que as características dos contidos traballados ou as pautas de seguridade asociados a eles así o requiran.

Por citar algún exemplos, para as aprendizaxes técnicas e doutros contidos de similares características, utilizaremos estilos máis directivos (ex: U3 ou UD 6); mentres que para aprendizaxes tácticas, de expresión corporal, e outros de similares características fomentaremos a creatividade a través de estilos baseados no descubrimento (ex: Ud 2). Por suposto, nunha mesma UD e mesmo dentro dunha mesma sesión os estilos de ensino utilizados variarán dependendo de cada tarefa.

2. ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL

AGRUPAMENTOS

En canto aos agrupamentos, a súa determinación estará condicionada polas tarefas que desenvolvamos. En principio, contemplamos a utilización de todo tipo de agrupamentos, dende o traballo individual (se é que se pode considerar como un agrupamento) xa que permite a individualización do ensino para adaptarse ao ritmo de aprendizaxe do alumnado; ata o traballo en grupo clase, cando a importancia do contido o requira xa que favorecen o proceso de socialización, melloran as relacións persoais, o coñecemento mutuo, o respecto polos demais, tolerar os distintos puntos de vista e dominio motriz e melloran o rendemento. Pasando polo traballo por parellas, tríos e en pequeno grupo cando a actividade busque desenvolver a cohesión do grupo, así como a aprendizaxe de habilidades técnicas, entre outras.

Dentro dos criterios empregados para a distribución das 10 UD que integran esta programación está, entre outros moitos, o de ir alternando actividades que requiren diferentes tipoloxías de agrupamentos buscando que o alumnado estableza dentro desa variedade diferentes relacións con compañeiras e compañeiros.

UTILIZACIÓN DE ESPAZOS

Para o desenvolvemento do traballo programado contamos no IES con diferentes espazos.

En primeiro lugar, a propia aula de referencia do grupo-clase onde se realizarán as sesións de carácter teórico. Están programadas 9 sesións destas características, unha ao comezo de cada UD (na primeira sesión presentaremos tamén o traballo da UD1 que será desenvolva de xeito transversal.

Empregaremos o pavillón de titularidade municipal que se atopa o lado do centro. Este será o noso lugar habitual de traballo e ten un condicionante como é ter que pasar por unha vía pública para acceder a el, isto fai que os tempos netos das sesións se reduzan considerablemente.

Tamén empregaremos as posibilidades que nos proporciona o parque Eugenio Granell situado a beira do centro e no que sempre que a meteoroloxía e as características do traballo programado o permitan realizaremos varias sesións.

Eventualmente empregaremos outros lugares como as pistas polideportivas exteriores do centro (non as empregamos de cotío porque o estado do pavimento fai que sexan moi pouco amables e entrañan un risco engadido en caso de caídas) ou o salón de actos.

OPTIMIZACIÓN DO TEMPO DE ACTIVIDADE

Cada curso cando como docente me enfronto a tarefa de deseñar a Programación Didáctica un dos aspectos que máis me ocupa é o de facer una boa distribución temporal dos contidos a traballar. Por una banda está a pretensión de que o alumnado probe cantas máis actividades distintas e por outro está a consciencia de que sumar experiencias sen o suficiente pouso non acaba sendo, na maior parte dos casos, moi fructífero.

Para aprender unha tarefa e lograr un nivel de execución aceptable, o alumnado debe dispoñer dun tempo razoable para practicar a devandita actividade un número suficiente de veces. E a definición de canto tempo adicamos a cada actividade estará condicionado pola previsión de en canto tempo os alumnos e alumnas acadarán un nivel suficiente como para gozar de experiencias o máis plenas posibles.

O tempo que o alumnado dedica exclusivamente á práctica de actividade física é o que se coñece como tempo de actividade real. Para intentar incrementar na medida do posible o tempo de actividade real do alumnado estableceremos unas pautas ou rutinas como son:

1- Establecer un punto de encontro intermedio entre o pavillón e o aulario. A maior parte das sesións levaráanse a cabo no pavillón e o tempo de transición entre un espazo e outro supón, nos días que non hai eventualidades, entre 2 e 3 minutos. Por esta razón e como norma xeral teremos como punto de encontro a cancela de acceso ao pavillón que deixaremos pechada logo do tempo de transición establecido por dar acceso á vía pública.

2- A conceptualización ou contextualización teórica dos contidos traballados terá un peso importante no desenvolvemento desta programación pero trataremos de facelo restando o menor tempo posible á parte práctica e vivencial. Adicaremos una sesión na aula ao comezo de cada unidade a expoñer dun xeito argumentado o que traballaremos e que obxectivos a cumprir teremos e no resto de sesión trataremos de que as explicacións, reflexións ou aclaracións sexan claras e concisas para optimizar, como comentamos, o tempo neto de práctica.

3- O material a empregar nas diferentes UD e sesións será moi variado. Para que a montaxe precisa sexa eficaz organizaremos ao alumnado por quendas para que se encarguen de colocar e ou recoller o material preciso en cada caso. Nas xornadas nas que varios grupos deste nivel teñan sesión idénticas colocarán o material os alumnos/as da primeira sesión e recollerán os da última, sen prexuízo de que se teña que recoller parcialmente por haber sesións intermedias con grupos doutros niveis no mesmo espazo.

4- A dinámica de traballo nas diferentes UD polas características dos contidos traballados condicionará o perfil de agrupamentos empregado. En todo caso, dentro da organización das sesións os agrupamentos terán una lóxica simplificadora no sentido de non condicionar temporalmente a práctica.

5- Optimización das partes da sesión. Aínda que diferentes autores propoñen varias divisións das sesións de E.F., podemos dicir que basicamente as sesións de educación física divídense en tres partes, a saber: posta en acción, parte principal e volta á calma.

Para limitar as perdas de tempo na posta en acción, aproveitaremos esta para explicar o sentido da sesión, relacionala coa sesión previa, e transmitir a maior parte da información necesaria para a súa parte principal.

Na volta á calma, aproveitaremos o tempo de recuperación para recordar os puntos máis importantes traballados na parte anterior, repartiremos, no seu caso, as fichas de avaliación da sesión e motivaremos o alumnado para a sesión seguinte.

3. O COÑECEMENTO DOS RESULTADOS/EXECUCIÓN

O coñecemento dos resultados constitúe un dos aspectos clave dentro do proceso de aprendizaxe motor. A súa importancia vén certificada por múltiples traballos de investigación que coinciden en afirmar o seu extraordinario valor dentro do proceso de aprendizaxe.

Nesta programación, o Coñecemento dos Resultados abranguerá, en función do momento, tres tipos. Así, en certos contidos, como por exemplo os contidos máis técnicos, trataremos de utilizar o Coñecemento dos Resultados Concorrente. Tanto a través dunha transmisión verbal como táctil, procuraremos que o alumnado modele a súa execución técnica no mesmo momento de realizar a acción.

Naquelas situacións, nas que buscamos que a información teña unha incidencia positiva sobre as execucións posteriores, como no caso dun xesto técnico específico, utilizaremos o Coñecemento dos Resultados Inmediato. Nun principio, mediante unha transmisión verbal, e sempre que sexa necesario, a través dunha transmisión táctil ou visual.

E por último, trataremos de aumentar o protagonismo do Coñecemento dos Resultados Intrínseco, atrasando a administración da información durante un tempo, unha vez finalice a tarefa. Este Coñecemento dos Resultados Diferido, é propio da aprendizaxe dos comportamentos tácticos, onde, combinado con Estilos de Ensino baseados na busca, preténdese proporcionar un maior protagonismo ao alumnado á hora de analizar a información e tomar decisións.

4. ACTIVIDADES

A función das actividades é a de reforzar os contidos, grazas a elas o alumnado adquire os mesmos. Ademais, teñen unha función favorecedora do proceso de socialización.

Polo tanto, para cumprir coa súa función, utilizaremos diferentes tipos de actividades. As actividades de Diagnóstico utilizáremolas principalmente nas primeiras sesións de cada U.D. co obxectivo de levar a cabo a avaliación dos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a desenvolver. As actividades de Desenvolvemento que utilizaremos para desenvolver os contidos centrais das distintas UU.DD. Ligadas a estas actividades virán as de Síntese, nas cales trataremos de conseguir a aplicación dos contidos aprendidos, en situacións reais de práctica. Por último, seguindo a lóxica metodolóxica, levaremos a cabo as actividades de Avaliación, coas que pretendemos

comprobar o nivel de adquisición de contidos desenvolvido polo alumnado. Non debemos esquecer, que dada a heteroxeneidade do alumnado, os ritmos de aprendizaxe son individuais, polo tanto teremos preparados dous tipos máis de actividades; as de Reforzo, que utilizaremos con aquel alumnado cuxo ritmo de aprendizaxe sexa máis lento que o do grupo de referencia; e as de Ampliación, que utilizaremos con aquel alumnado que presenta un dominio importante do contido dende un principio, ou cuxo ritmo de aprendizaxe está por riba do grupo de referencia.

5. ESTRATEXIA NA PRÁCTICA

A estratexia na práctica que utilizaremos dependerá do tipo de contido e da tarefa que deseñamos, así como do seu obxectivo.

Así por exemplo, para as actividades de avaliación inicial, deseñadas para a primeira sesión práctica de cada U.D., con carácter xeral, a estratexia será de tipo global, onde se implique o maior número de habilidades, fundamentos e coñecementos posible para poder facernos unha idea xeral do nivel de coñecemento inicial do noso alumnado no devandito contido.

Para aquelas tarefas onde o obxectivo perseguido sexa entre outros unha aprendizaxe técnica, a estratexia a utilizar será máis analítica. Por exemplo a aprendizaxe dun xesto técnico, comezará cunha aproximación analítica ao mesmo descompoñéndoo en diferentes partes secuenciadas segundo os segmentos corporais implicados no xesto.

Por último, para os pasos intermedios entre as aprendizaxes máis analíticas e as máis globais, utilizaremos estratexias sintéticas que nos permitan avanzar na aprendizaxe de todo tipo de contidos.

Hai que dicir, que as estratexias utilizadas poden presentarse de forma tanto simultánea como secuencial dentro da mesma sesión. Así mesmo, pódense utilizar en ambos os dous sentidos, é dicir, podemos partir dunha estratexia global para rematar cunha aprendizaxe máis analítica, ou viceversa, podemos partir dunha estratexia máis analítica para rematar cunha máis global.

6. RUTINAS

Para favorecer o bo funcionamento das sesións, e coa intención de optimizar ao máximo o tempo de práctica efectivo por parte do alumnado que redunde nunha maior aprendizaxe por parte destes, establécense unha serie de rutinas.

Entrada e Saída da aula/pavillón: Como xa comentamos, para o acceso ao pavillón (lugar habitual das prácticas) hai que atravesar una vía pública. Polo tanto, o alumnado disporá de 3´ para chegar ao punto de encontro e poder pechar a cancela de acceso.

Na saída procuraremos deixar o pavillón no momento en que soe o timbre ou mesmo un ou dous minutos antes para poder chegar sen demora á seguinte sesión.

Cambio de Roupa: O alumnado, nada máis acceder á instalación que así o requira, procederá sen demora ao cambio da roupa necesaria para realizar a sesión.

Hábitos Hixiénicos: Distinguiremos entre aseo e ducha. Entendemos por aseo o secado da sudoración e o cambio de roupa. Para iso o alumnado contará con 3 minutos. O alumnado que mostre a súa intención de ducharse, debe advertilo ao profesorado antes de iniciar a clase, cedéndoselle os últimos 5 minutos da sesión.

Colocación e recollida do Material: O comentado no punto 2.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Raquetas de bádminon.
Volantes de bádminon.

Petos de cores.
Reprodutor de son.
Bancos suecos.
Cordas
Proxector.
Pelotas de floorball
Compás.
Colchonetas
Paus de floorball
Redes de bádminon
Maniquí de reanimación
Simulador de DESA
Compases
Mapas
Material específico elaborado con materiais de refugallo

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao inicio de cada Unidade Didáctica para comprobar os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma.

Os procedementos de avaliación serán variados. Naquelas UD onde o compoñente conceptual ten un maior peso, caso das UD 5 e 8, realizarase un pequeno cuestionario inicial para testar os coñecementos previos. Nas UD onde se traballen habilidades específicas, caso das UD 3, 4, 6 ou 7, as tarefas prácticas propostas na sesión inicial estarán orientadas a poder observar o desempeño dos alumnos/as. E en outras aproveitaremos a sesión inicial de carácter teórico para facer preguntas e formulacións que nos permitan ter una idea dos coñecementos do grupo sobre a temática tratada.

Os datos extraídos deste proceso de avaliación inicial serán tidos en conta de cara a pulir e mesmo reformular o xeito no que abordaremos o traballo dos contidos da UD correspondente.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	12	12	12	6	12	6	8	10	12
Proba escrita	16	40	10	25	30	25	25	40	25	25
Táboa de indicadores	84	60	90	75	70	75	75	60	75	75

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	26
Táboa de indicadores	74

Criterios de cualificación:

Como xa detallamos, esta Programación Didáctica consta de 10 UD, sendo a UD nº1 de carácter transversal e desenvolta durante todo o curso entrelazada cos contidos específicos das restantes unidades. Así as Unidades 2, 3 e a primeira parte da 4 impartiranse na primeira avaliación cun peso de 34%; na segunda avaliación bordaremos a segunda parte da UD 4 e as Unidades 5, 6 e 7 cun peso do 33%; e no último parcial do curso desenvolveremos as unidades 8,9 e 10 cun peso do 33%.

No número de sesións asignado a cada UD contémplanse tamén a/as sesións adicadas á avaliación.

O peso de cada UD estableceuse en función do número de sesións e do contido da mesma. Tanto o peso como as sesións da UD 1, repártense entre cada trimestre, xa que nesta UD impartiranse contidos vencellados a cada unha das demais Unidades Didácticas.

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 45%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaranse as medidas de reforzo educativo.

A cualificación de cada trimestre, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre.

A cualificación da avaliación final ordinaria da materia, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada avaliación trimestral, tendo en conta, de ser o caso, a cualificación obtida logo das recuperacións das Unidades Didácticas e da avaliación trimestral.

O valor numérico da nota irá dende o 0 ao 10, redondeando á unidade máis próxima, (ata .4 cara abaixo e dende .5 cara arriba), e para considerar superada a U.D., o trimestre e o curso o alumnado debe acadar un 4,5 ou superior.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas (traballos e exames), como observación directa por parte da persoa docente.

As probas escritas serán exames tipo test e realizaranse una vez por trimestre (na parte final) recollendo preguntas das Unidades traballadas nese treito de curso.

Tamén se solicitará a realización de traballos escritos nas Unidades Didácticas 2, 5 e 8.

Ao ser unha materia eminentemente práctica, o procedemento de avaliación máis empregado será a observación directa empregando fundamentalmente rúbricas, escalas de valoración e follas de observación como instrumentos.

Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesiões, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Ao ser a nosa materia práctica, intentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver.

En todo caso para a avaliación deste alumnado empregaranse instrumentos adaptados segundo o seu nivel de participación na práctica. E se a participación fose nula na parte práctica estableceranse dúas opcións para que o alumno/a poida escoller: por una banda estará a realización dun traballo de carácter teórico práctico abordando contidos semellantes aos que os compañeiros/as pon en práctica, e por outra sumar o peso que ten a Unidade, ou Unidades, nas que non pode participar activamente ao exame teórico e tendo que resolver cuestións de carácter teórico práctico vencellados a esas Unidades no mesmo.

En canto aos instrumentos de avaliación das unidades didácticas, aclarar que o tipo de instrumento establecido é sempre a táboa de indicadores, xa que a nosa materia é eminentemente práctica, e ademais é unha limitación da aplicación. Non obstante, consideramos que dentro desta tipoloxía entran tamén as probas escritas.

Criterios de recuperación:

Para recuperar as UU.DD. non superadas: - O remate da UD proporanse ao alumnado que non a superou actividades de reforzo e recuperación, que serán supervisadas polo profesor en sesións de tutoría previa cita. Nalgúns casos, segundo as características dos contidos e a situación do alumnado, poderase propor ao mesmo a realización de traballos escritos. No caso de recuperar a UD antes de ter lugar a sesión de avaliación trimestral, para o cálculo da nota desta, terase en conta a nova cualificación. De non superala, quedará pendente de recuperar, sempre e cando o alumnado non supere o trimestre, neste caso a UD darase por superada. Para recuperar a avaliación trimestral: - O rematar o trimestre o alumnado que non supere a avaliación, deberá recuperar unicamente as UD que non teña superadas. Para elo, o profesor propondrá actividades de recuperación ao alumnado que serán supervisadas por el en sesións de tutoría previa cita. Nalgúns casos, segundo as características dos contidos e a situación do alumnado, poderase propor ao mesmo a realización de traballos escritos. Para superar a avaliación final extraordinaria: - Ao alumnado con algunha avaliación trimestral non superada, realizará actividades de recuperación no período que vai dende a avaliación final ordinaria á avaliación final extraordinaria. Esas actividades estarán reacionadas cando menos coas Unidades non superadas no trimestre que está suspenso e poderán extenderse ao total de Unidades do trimestre se o alumno/a así o prefire. Serán avaliadas a través de traballos teórico-prácticos e no caso de considerar que acada o mínimo de consecución, daranse por superadas. - O alumnado que logo de facer as recuperacións das avaliacións trimestrais, e logo de transcorrer o período entre avaliación final ordinaria e extraordinaria non recuperou algunha delas, deberá superar nunha proba final extraordinaria os mínimos de consecución non superados. A proba será de carácter teórico-práctico.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para o alumnado que promocionou a 2º de Bacharelato coa materia de Educación Física pendente elaborárase un plan de recuperación personalizado. Neste plan farase constar, ademais dos apartados establecidos normativamente, os mínimos de consecución que o alumnado ten pendentes de superar, e de ser o caso, as UU.DD.

Farase un calendario de titorías, previa cita por parte do alumnado, para desenvolver o seguimento das tarefas propostas no plan de recuperación. Neste calendario estableceranse tamén as datas das probas para superar os contidos, e o tipo das mesmas.

O cálculo numérico da nota farase igual que no procedemento de cualificación do curso.

Unha vez establecido o calendario da ABAU, e de non ter superado a materia fixarase unha proba final extraordinaria. En dita proba o alumnado deberá superar aqueles contidos das UU.DD. que non superara nas probas anteriores, tendo en conta que todo o superado no curso anterior, mantense como superado coa mesma nota.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e á Orde de 8 de setembro polo que se desenvolve dito Decreto adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

Alumnado repetidor (coa materia aprobada / coa materia suspensa). Este alumnado, maioritariamente coa materia superada, pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.

Alumnado con diferente nivel de competencia motriz. Ao alumnado que teña baixo nivel de competencia motriz nos contidos dalgunha/s unidade/é didáctica/s, realizaránselle apoios e reforzos para favorecer tanto a súa práctica como a súa aprendizaxe. De ser necesario, adaptaráselle os tempos e os procedementos de avaliación.

Alumnado lesionado ou incapacitado temporalmente para realizar a práctica. No caso deste alumnado con necesidades educativas especiais poñeranse en marcha os apoios e as atencións educativas específicas necesarias para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe. Nestes casos, asignarase un rol en función da UD que garanta que participa e logra os obxectivos fixados

Como xa mencionamos en puntos anteriores, a avaliación da súa práctica realizarase a través de táboas de indicadores específicas. A este alumnado, de ser o caso, en función das súas necesidades de atención á diversidade adaptaráselle tanto os tempos como os procedementos de avaliación. Se a súa participación na parte práctica é nula proporáselle as dúas opcións comentadas no punto 5.2.:

1-Realización dun traballo de carácter teórico práctico abordando contidos semellantes aos que os compañeiros/as pon en práctica.

2- Sumar o peso que ten a Unidade, ou Unidades, nas que non pode participar activamente ao exame teórico e tendo que resolver cuestións de carácter teórico-práctico vencellados a esas Unidades no mesmo.

No caso do alumnado que promociona coa materia sen superar. Nestes casos elaborárase un Plan de reforzo adaptado ás súas particularidades. De todos os apartados do plan, destacamos as tarefas para realizar e a súa temporalización, así como os procedementos de seguimento e avaliación.

Por outro lado, no caso do alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis lento poremos en marcha:

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc...

- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes do modelo, presentar o modelo de forma máis personalizada. Procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido...

- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido (polo que se establecerán progresións máis próximas á súa aptitude física). Reforzo permanente dos logros acadados para elevar a súa autoestima-autoconcepto, creación dun clima na aula na que o alumno/a non tema expresar as súas dificultades. Simplificación das actividades e adaptación das regras de xogo.

En canto ao alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis rápido, o que faremos será:

- Plantexar actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.

- Implicar a este alumnado en programas de acción tutorial con compañeiros/as que teñan dificultades na súa

aprendizaxe.

O caso máis común tanto neste nivel coma en todos nos últimos curso é a presenza de alumnos/as diagnosticados con TDAH. Seguiremos o protocolo establecido tanto no desenvolvemento das clases coma nas probas/exames.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral	X	X						
ET.3 - Expresión escrita	X	X			X			X
ET.4 - Comunicación audiovisual	X		X					
ET.5 - Competencia dixital	X				X			X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X		X				X	X
ET.7 - Espírito crítico e científico	X	X			X		X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X			X		X	X	X
ET.9 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Creatividade	X		X					

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora	X	X
ET.2 - Expresión oral	X	X
ET.3 - Expresión escrita		
ET.4 - Comunicación audiovisual	X	
ET.5 - Competencia dixital	X	

	UD 9	UD 10
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X
ET.7 - Espírito crítico e científico		
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X
ET.9 - Igualdade de xénero	X	X
ET.10 - Creatividade	X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiro praia Area Negra-San André de Teixido	Actividade organizada en coordinación co departamento de Bioloxía e de Relixión. Visitaremos a praia Areas Negras e trataremos o valor xeolóxico da zona. Tamén visitaremos o santuario e o lugar de San André, lugar de peregrinación obrigado segundo a lenda ou de vivos ou de mortos.	X		
Visita de deportista de alto nivel	Aínda está por pechar quen. Buscaremos un perfil de deportista que compativiice a súa faceta de deportista con outras de ámbito académico, profesional e/ou social.		X	
Charla-coloquio cun nutricionista.	Próxima no tempo ao desenvolvemento da UD 8 onde trataremos aspectos vinculados coa nutrición.			X
Escalada en rocódromo	Formará parte das propostas de actividades da UD 10. No momento de pechar esta programación estamos negociando as condicións cun rocódromo da cidade para que o prezo da actividade non condicione a participación do alumnado.			X
Visita dos adestradores do club de Esgrima Santiago	O club Esgrima Santiago está realizando unha campaña de difusión dese deporte. Por iso decidimos convidalos a resentalles tanto o deporte coma o seu club ao noso alumnado. Co fin de crear unha sinerxia con este club local decidimos introducir na PD unha UD na que faremos unha introducción ao Esgrima .		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE

TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.
Metodoloxía empregada
DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.
Clima de traballo na aula
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E A MIÑA ACTUACIÓN PERSOAL
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN.

Descrición:

O proceso de ensino-aprendizaxe esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Os diferentes indicadores de logro establecidos serán obxecto de seguemento ao longo de todo o curso, empregando diferentes instrumentos de avaliación para cada un deles.

RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Análise dos resultados obtidos polo alumnado nas diferentes Unidades Diácticas, no parcial de cada Avaliación e tamén nas cualificacións finais.

O(s) instrumento(s) empregado para a avaliación deste indicador serán os mesmos que os empregados para a avaliación do alumnado, onde quedarán rexistrados os resultados dos mesmos.

Estarei moi atento a que se poidan dar posibles tendencias en canto a aumentos ou descensos significativos dependendo da tipoloxía dos contidos traballados, do tipo de agrupamentos, da metodoloxía concreta empregada.

Como referencia, para que este indicador se cumpra positivamente o 85% terá que acadar una cualificación mínima de 5.

TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UU.DD. como a programación xeral.

Tamén rexistraremos a través do emprego dunha folla de rexistro aquelas actividades que non se axustaron temporalmente ao establecido no deseño de cada sesión. Ben porque se puidese precisar máis tempo para o seu desenvolvemento ou porque polo nivel de implicación do alumnado o tempo puidese ser excesivo.

En referencia a este indicador o control será de carácter cualitativo. Procurando extrer información que nos permita mellorar propostas futuras.

DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse 2 instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo, e unha folla de observacións baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase.

Buscaremos, como mínimo, que o 80% do alumnado, nunha escala de 0 a 10, puntúe con 7 ou máis este apartado.

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE:

Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias.

Estableceremos como mínimo de consecución que o 80% do alumnado, nunha escala de 0 a 10, puntúe con 7 ou máis este apartado.

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN:

Mediante unha listaxe de control avaliarase se alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro.

Ademais dentro das preguntas das enquisas realizadas ao alumnado para valorar esta programación e a labor docente preguntárase polo nivel de información que percibiron, tanto no relativo aos contidos traballados coma no apartado da avaliación. Na sesión inicial de cada UD reservaremos un tempo para comentar, ademais dos contidos a traballar e o xeito de facelo, cales serán os criterios de cualificación desa UD concreta. O mesmo faremos no comezo de cada avaliación.

Esta información estará permanentemente disponible para o alumnado na Aula Virtual.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que consideremos oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indícarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Faremos o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.
- Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.
- Ao finalizar o trimestre, onde se analizarán as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de Unidades impartidas no trimestre.
- Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas quedarán reflectidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados